

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

Expediente	2022027773
Asunto	ESCOLAS DEPORTIVAS JUDO 2022
Trámite	APROBACIÓN E COMPROMISO DE GASTO SUBVENCIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS JUDO 2022

O Deputado Delegado, en virtude das facultades delegadas da Presidencia, segundo R.P. nº 2019014186 de 01/08/2019, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a petición da **FEDERACION GALLEGA DE JUDO** con CIF: **G15109267**, para subvencionar as **ESCOLAS DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN** na modalidade de **JUDO** e o informe favorable de intervención con data 29.04.2022 no que informa da existencia de consignación suficiente.

RESOLVO aprobar e comprometer o gasto de **35.000,00 €**, para a finalidade citada, con cargo a aplicación orzamentaria 22/340.3410.489.02 e número de RC 202200087110 que se achegará á **FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO**, mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario, unha vez se xustifique o importe da subvención concedida con facturas, recibos, etc., que reúnan os requisitos legais esixidos por R.D.1496/03 de 28 de novembro sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 35.000,00 € e realizados co desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, Xeral de Subvencións.

O pago das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non telo feito antes, no prazo máximo dun mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio en todo caso cando o importe de cada factura supere os 900,00 €.

Xunto coa xustificación deberá acompañar unha memoria da actividade que se realizou e acreditar a difusión do seu financiamento pola Deputación.

A concesión desta subvención é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que se leve a cabo.

A subvención concedida deberá xustificarse no prazo de tres meses dende a finalización do prazo da realización da actividade e, en todo caso, antes do 31.01.2023.

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30.12.2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso



de non ter Contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

O pago anticipado poderá ser solicitado polos beneficiarios, e terá que ser proposto polo Xefe do Servizo de Deportes, informado por Intervención e autorizado pola Presidenta. Dito pago poderá realizarse ó principio de cada un dos dous períodos anuais, anticipando ata o 100% do importe correspondente a cada un deles. O importe correspondente a cada período calcularase dividindo o importe total da subvención entre o número de meses dos dous períodos, e logo multiplicar por o número de meses de cada período. Non se poderá anticipar o pago dun período si está pendente de xustificar algún dos anteriores.

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

*Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

